




XAIME ISLA: MIL PROXECTOS PARA GALICIA

O 23 de outubro de 2015 é o centenario do nacemento de Xaime Isla Couto en Santiago de Compostela.

Xaime Isla é un persoeiro moi relevante na Galicia do século XX. Dende rapaz amosou o seu interese e compromiso pola actividade cultural, económica, política e relixiosa en Galicia e mantívooos vivos durante toda a súa vida, creando, promovendo e participando en numerosos proxectos. Sen dúbida, a característica que mellor define a súa personalidade foi a incesante capacidade de idear e pór en marcha novos proxectos.

Alén da súa curta obra escrita, o labor de Xaime Isla centrouse no eido profesional como docente e avogado; no político, como militante nacionalista e democrata-cristián; no cultural, como editor e director de revistas; e no relixioso, como cristián comprometido coa inculcación da igrexa en Galicia. Sen esquecer o seu entusiasmo polas artes, concretamente polo debuxo.

Neste número de Novas Penzol presentamos os fondos bibliográficos e de arquivo que se conservan nas bibliotecas e arquivos Penzol e Fernández del Riego, sexan da súa autoría ou sobre a súa obra e a súa persoa. Facémolo, ademais, cun especial e agarimoso recoñecemento cara quen foi fundador, padroeiro e Secretario da Fundación Penzol.



Coincidindo coa data do centenario, a Fundación Isla organizou unha exposición baixo o lema: XAIME ISLA, RAÍZ E UTOPIA DE GALICIA, que permanecerá aberta na Casa Galega da Cultura dende o 2 de outubro ao 2 de novembro de 2015.

Agradezo ao persoal da Fundación Penzol, a súa colaboración para a realización deste boletín.

Saúdos cordiais
Silvestre Gómez Xurxo
Responsábel de Novas Penzol

Nota biográfica de Xaime Isla Couto

Nace en Santiago de Compostela o 23 de outubro de 1915. Na súa formación humana, intelectual e política ten unha especial influencia seu irmán Ramiro, emigrado moi xove a Bos Aires.

Estuda o bacharelato en Vigo, a onde se trasladara a familia. Entre 1933 e 1936 segue en Pontevedra os estudos de Maxisterio polo Plan Profesional da República, mais non puido realizar o curso de prácticas por causa das depuracións franquistas. Estuda Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, licenciándose no 1940. Céntrase nos estudos de economía.

Reside en Vigo e casa en 1947 con Cristina Novoa Pedreira.

Profesionalmente dedicouse á docencia e á avogacía. Foi Catedrático de Dereito e Economía da Empresa na Escola de Peritos Industriais de Vigo e asesor xurídico da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, do grupo Zeltia e de Corporación Noroeste, entre outros.

Dende os anos de instituto xa amosa grande preocupación por participar en actividades culturais e políticas. É fundador e Segretario Xeral da AEIC (Asociación Escolar de Iniciación Cultural) que se adhire á Asamblea das Irmandades da Fala (A Coruña, 1930) e á homenaxe a Otero Pedrayo (Ourense, 1930). Participa na creación do Grupo Autonomista de Vigo e na fundación das Mocedades Galeguistas. É Secretario de Organización da Federación de Mocedades Galeguistas no período 1933-1935.

Participou nos equipos de traballo do Seminario de Estudos Galegos, sendo o primeiro bolseiro desta institución na sección de Estudos Xurídicos, Económicos e Sociais.

Organiza en Vigo o Movemento Ultreya.

É fundador da editorial Galaxia, da que foi Conselleiro-Delegado e Presidente.

Tamén é un dos fundadores da Fundación Penzol, na que foi padroiro e Secretario.



Xuntanza do Padroado
da Fundación Penzol
(1962)

Foi o promotor e tamén un dos fundadores da editorial SEPT, dende onde desenvolveu un importante labor no esforzo pola galeguización do pensamento católico do noso país, así como pola incorporación da lingua galega aos usos litúrxicos, mantendo neste eido unha rica colaboración co padre Xaime Seixas e con Domingos Fernández del Riego. O seu alento foi fundamental para a empresa da tradución da Biblia ao galego e para a elaboración e espallamento de publicacións de apoio á liturxia en galego, como Badal.

Dirixiu a *Revista de Economía de Galicia*, que se publica entre 1958 e 1968 e tamén a *Revista Galega de Estudios Agrarios*, editada entre 1979 e 1987 polo Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia.

No ano 1976 é fundador do Partido Popular Galego, integrado na democracia-cristiá, do que é presidente. E preséntase ás eleccións xerais de 1977 en coalición co Partido Galego Social Demócrata. En 1980 participa na creación do movemento Realidade Galega.



En Compostela, no Día de Galicia de 1969. FFR atribúe a autoría da fotografía a E. Blanco-Amor

Foi Presidente da Comunidade de Vida Cristiá Nosa Señora da Guía-Santiago Apóstolo, fundada polo Padre Seixas, e tamén da Comisión Diocesana de Xustiza e Paz de Tui-Vigo.

En 1987, xunto coa súa dona Cristina Novoa e os seus irmáns Manuel e Celso, constitúen a Fundación Isla Couto.

En xaneiro de 1999 ingresou na Real Academia Galega co discurso *Economía, linguaxe e poder*. Neste mesmo ano foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo.

Entre outros, foi galardoado coa Medalla Castelao (1987) e co Premio Trasalba (1992).

Xaime Isla faleceu en Vigo o 25 de abril de 2012.

BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL
E BIBLIOTECA FERNÁNDEZ DEL RIEGO


XAIME ISLA, AUTOR
monografías
(libros, separatas, folletos)

NOTAS: Da Biblioteca Fernández del Riego soamente se citan os títulos que non hai na Penzol ou aqueles que teñen dedicatorias do autor.

- **Unha quintaesencia de Galicia** / por Xaime Illa Couto. En Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra: homaxe da Galicia Universal. Caracas : Centro Galego, 1958, p. 73. Sign.: 39/60
- **Estructura financeira e desenvolvemento rexional**. Vigo: Galaxia, 1969. Sign.: C-172/16.
- **Homenaxe a Fermín Penzol** / Xaime Illa...et al.. Vigo : Galaxia, 1972. Sign.: 39/54. Exemplar n. 48 dunha tirada de 75.




- **Construír Galicia**. Traslalba : Fundación Otero Pedrayo, D.L. 1992. Sign.: 34/131.
- **A Miña relación con Ferro na militancia galeguista**/ Xaime Illa Couto. En Xesús Ferro Couselo : lembranzas, actividade, inquedanzas / Francisco Fernández del Riego...(et al). Ourense : Grupo Marcelo Macías : Museo Arqueolóxico Provincial, 1996; p. 61-66. Sign.: 43/329.
- **Algúns caracteres da economía galega actual** / Xaime Illa Couto. En Ensaio histórico e económico : antoloxía / escolma de textos, Bieito Alonso Fernández, M^a do Carme García Negro, Luís Obelleiro Piñón ; edición de Xosé Manuel Sánchez Rei. Vigo : Asociación Socio-Pedagóxica Galega, D.L. 1997; p. 151-156. Sign.: 29/91.



- **Algúns caracteres da economía galega aital** / X. Isla Couto. Aspectos económicos y jurídicos de Galicia/Sebastián Martínez-Risco... et al.. Vigo : Galaxia, 1952; p. 37-45. Sign.: 39/58.
- **A Paco del Riego** / Xaime Isla Couto. En: Homenaxe a Francisco Fernández del Riego : Galicia, 1975 / [feito ao coidado literario de M. D. e gráfico L. S.. A Coruña : [s.n.], imp. 1975 (Moret); p. 44-48. Sign.: 24/114.
- **Xaime Isla Couto, dende o cristianismo e a democracia** / [Entrevista] Xaime Isla Couto, Freixanes, Víctor F: Unha ducia de galegos. Vigo, Galaxia, 1976; p. 163-181. Sign.: 39/298.
- **Alfonso Zulueta de Haz** / Xaime Isla Couto. En Viguísimos / Xurxo Lobato. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, D.L. 1998; p. 116. Sign.: VIG-140.
- **García-Sabell e Galaxia** / Xaime Isla Couto, Marcelino Agís Villaverde. En Medicina e humanismo : homenaxe a Domingo García-Sabell /compiladores, Marcelino Agís Villaverde, Darío Villanueva ; limiares de Senén Barro Ameneiro e Vícto F. Freixanes. Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións ; Vigo : Editorial Galaxia, 2003; p. 193-207. Sign.: 15/210.
- **Un Galeguista elegante e discreto** / Xaime Isla Couto. En As Caras do libro: homenaxe a Xohán Ledo / Francisco Fernández del Riego ... et al. . Vigo. Galaxia. Grial cadernos. Nadal 2006 ; p. 8-9. Sign.: 57B/54.
- **A Paco del Riego : (abreviatura para un poema épico)** / Xaime Isla. En *Francisco Fernández del Riego : Vigo dende o corazón de Galicia* / edición, María Dolores Cabrera Iglesias, María Dolores Villanueva Gesteira. Vigo : Galaxia : Fundación Penzol, imp. 2013; p. 132-133. Sign.: 143/288.
- **[Retrato de Ramón Lorenzo]** / Xaime Isla. En *Ramón Lorenzo, señor das palabras* / coordinación editorial Xosé Manuel Soutullo. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística ; Trasalba : Fundación Otero Pedrayo, 2011; p. 15. Sign.: 147/262.

XAIME ISLA, AUTOR director, prologuista

- **Revista de economía de Galicia** / director, Jaime Isla Couto.
Vigo : Galaxia, 1958-1968. Sign.: RG-83.
- **Revista galega de estudos agrarios** /
director Xaime Isla Couto. Santiago de Compostela:
Consellería da Presidencia e Administración Pública,
Servicio Central de Publicacións, 1979-1987. Sign.: RG-169.
- **Bouzada, Xan**
*O Desenvolvemento comunitario local: un reto da sociedade civil:
elementos teóricos e metodolóxicos* / edición de Xan Bouzada ;
limiar, Xaime Isla Couto. Vigo : Galaxia : IGESCO, D.L. 1999.
Sign.: 41/274.



XAIME ISLA, AUTOR en publicacións periódicas

NOTA: Nos artigos de La Noche: suplemento del sábado, Xaime Isla publica baixo os pseudónimos Santiago Fernández e Jaime Lorenzo.

En **LA NOCHE**: suplemento del sábado. Edición facsimilar. Sign.: SL-R-63

-*El ahorro gallego* / Santiago Fernández. N. 1 (1949) ; p. 7.

-*Los tópicos de nuestra vida económica : campo y ciudad* / Santiago Fernández. N. 4 (1949); p. 1.

-*Un plan económico para Galicia* / Jaime Lorenzo. N. 7 (1949) ; p. 6.

-*Índice económico : el agro, el mar, la industria ...* / Jaime Lorenzo. N. 14 [i.e. nº 15] (1950) ; p. 3.

En **REVISTA DE ECONOMÍA DE GALICIA**. Sign.: RG-83

-*Un Plan de industrialización de la riqueza maderera gallega*. N. 1 (xan.-feb. 1958) ; p. 13-21.

En **REVISTA GALEGA DE ECONOMÍA**. Sign.: SL-R-8

-*Aforro e sistema financeiro* / Xaime Isla Couto, Francisco Xavier Martínez Cobas, Javier Rojo Sánchez. Vol. 9,
n. 1 (2000) ; p. 273-292.

En **ENCRUCILLADA**: revista galega de pensamento cristián Sign.: SL-R-21

-*O Padre Seixas : profético, galego e universal* / Xaime Isla Couto e Silvestre Gómez Xurxo.
N. 90 (nov.-dec. 1994) ; p. 98 -103.

En **GRIAL**. Sign.: SL-R-3

-*Conversa con Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto: corenta anos de Grial* / entrevistados por
Victor F. Freixanes. N. 157 (2003) ; p. 50-57.

NOVAS PENZOL, N. 12

MONOGRAFÍAS SOBRE XAIME ISLA

- **Homenaxe a Xaime Isla Couto.** Ed. non venal. Vigo : Galaxia, D.L. 1996. Sign.: 41/171. Contén:
 - **Agís Villaverde, Marcelino** : *Don Xaime en Raxó* ; p. 9-14.
 - **Alvarez Gándara, Alfonso** : *Celebrando o oitenta aniversario de Xaime Isla* ; p. 15-20.
 - **Andión Marán, Julio** : *A lección suxerente dunha fonda amizade* ; p. 21-32.
 - **Araújo Iglesias, Miguel Anxo** : *Os oitenta sonche moitos* ; p. 33-44.
 - **Baliñas Fernández, Carlos** : *Retrato dun home que sempre mira ao ceo* ; p. 45-48.
 - **Barral Andrade, Ramón** : *Xaime Isla, unha lembranza* ; p. 49-54.
 - **Bastos Boubeta, Miguel Anxo** : *A biblioteca fantástica de Xaime Isla* ; p. 55-58.
 - **Bouzada Fernández, Xan** :
O encontro con Xaime ; p. 59-63.
 - **Carballo, Francisco** :
Por un cristianismo enraizado en Galicia ; p. 64-67.
 - **Casal Vila, Benxamín** :
Xaime Isla, a imaxinación creadora do galleguismo ;
p. 68-73.
 - **Casares, Carlos** :
Un recordo de Ramón para Xaime ; p. 74-77.
 - **Cerviño Cerviño, Xosé** (Bispo de Tui-Vigo) :
Un home da cultura comprometido coa súa fe ;
p. 78-80.
 - **Costas Comesaña, Antón** :
Economía e institucións ; p. 81-86.
 - **Díaz Pardo, Isaac** :
Unha relebranza relacionada con Xaime Isla ;
p. 87-89.
 - **Domínguez, Quico** :
Chámase Xaime ; p. 90-94.
 - **Dónega, Marino** :
Xaime Isla Couto, un octoxenario máis ; p. 95-101.
 - **Espiña Gamallo, Manuel** :
Un galego modelo de sinceridade ; p. 102-109.
 - **Fernández del Riego, Francisco** : *A andadura galeguizadora de Xaime Isla* ; p. 110-116.
 - **Filgueira Valverde, Xosé** : *Xaime Isla e o Seminario de Estudos Galegos* ; p. 117-119.
 - **Franco Grande, Xosé Luis** : *O maxisterio de Xaime visto por un discípulo seu* ; p. 120-126.
 - **García, Félix** (S.D.B.) : *Bosquexo salesiano de Xaime Isla Couto* ; p. 134-139.
 - **García-Sabell, Domingo** : *A ledicia incontaminada na vellez de Xaime Isla Couto* ; p. 140-144.
 - **Gómez Xurxo, Silvestre** : *Cristina* ; p. 145-148.
 - **González Gurriarán, Jorge** : *Xaime Isla Couto, mestre e amigo* ; p. 149-151.
 - **León Román, Félix** : *Lembrando unha breve xornada de convivencia con don Xaime* ; p. 152-154.
 - **Martínez Cobas, Francisco Xavier** : *Xaime e os novos* ; p. 155-158.
 - **Meixide Gaioso, Alberte** : *A presenza de Xaime* ; p. 162-164.
 - **Meixide, Manuel** : *Para pagar unha débeda* ; p. 159-161.
 - **Merino Gómez, Pedro** : *Un retrato pequeno e persoal* ; p. 165-169.
 - **Montero, Antonio** : *A importancia dunha educación social na formación dun técnico* ; p. 170-178.



- **Morell González, Xosé Carlos** : *A crise da modernidade vista por Xaime Isla en Montecastelo 30 días* ; p. 179-185.
- **Nogueira, Camilo** : *Un intelectual da nación* ; p. 186-192.
- **Penzol, Blanca** : *Lembrando a Xaime e Cristina*. ; p. 193-196.
- **Pin Millares, Xosé María** : *Xaime Isla Couto, sineiro de fe e de galeguidade*. ; p. 197-201.
- **Sáez de Viteri Arranz, Demetrio** : *O meu amigo Xaime Isla Couto* ; p. 202-204.
- **Sixto Seco, Agustín** : *Xaime Isla, unha sinfonía galeguista inacabada* ; p. 205-210.
- **Torres Queiruga, Andrés** : *Os prólogos de Xaime Isla* ; p. 211-215.
- **Trigo Cochón, José** : *Xaime Isla, o pensamento apaixonado* ; p. 216-218.
- **Viana Conde, Antonio** : *Mis encuentros con Xaime Isla* ; p. 219-228.
- **Vidal Andión, Antón** : *Xaime, unha lección viva de galleguismo* ; p. 229-234.
- **Zulueta de Haz, Alfonso** : *Xaime Isla, unha traxectoria vital fecunda* ; p. 235-240.
- **Fernández del Riego, Francisco**
Xaime Illa Couto / Fernández del Riego. En *Viguísimos* / Xurxo Lobato. A Coruña : Fundación Caixa Galicia, D.L. 1998; p. 62. Sign.: VIG-140
- **Pastoriza Rozas, Xosé Luís**.
Cultura, economía e política na Xeración Galaxia : Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto. En: *Cultura, educación e innovación : actas de los XI Encuentros Internacionales de Filosofía en el Camino de Santiago*. Santiago de Compostela : Correo, D.L. 2014; p. 189-204. Sign.: 148/13

ARTIGOS SOBRE XAIME ISLA en publicacións periódicas

- En **A TRABE DE OURO**. Sign.: FR-R-243
- *Homenaxe a Xaime Isla Couto* / X.L. Méndez Ferrín. Ano 23, t. 3, n. 91 (xullo-set. 2012) ; p. 469-471.
- En **ENCRUCILLADA**: revista galega de pensamento cristián Sign.: SL-R-21
- *Os prólogos de Xaime Illa* / Andrés Torres Queiruga. N. 178 (2012) ; p. 80-83.
- *Xaime Illa Couto : Santiago 1915-2012 Vigo* / Andrés Torres Queiruga. N. 178 (2012) ; p. 78-79.
- En **GRIAL**. Sign.: SL-R-3
- *No bico un cantar* / Víctor F. Freixanes. T. 50, n. 194 (abr.-xuño 2012) ; p. 5-7.
- En **TEMPOS NOVOS**. Sign.: FR- R-132
- *Unha lembranza de Xaime Illa* / Damián Villalaín. N. 180 (2012) ; p. 82-83.

MATERIAIS DE ARQUIVO

ARQUIVOS PENZOL E FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Nos Arquivos Penzol e Fernández del Riego gárdanse unha boa cantidade de documentos relacionados con Xaime Isla. Habemos salientar os xerados por el como Secretario de Organización da Federación de Mocedades Galeguistas, gardados no arquivo Fernández del Riego. Os referentes ás actividades de Galicia atópanse fundamentalmente nos fondos Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro.

- DOCUMENTACIÓN DA FEDERACIÓN DE MOCEDADES GALEGUISTAS (Sign: FR-CA-067/008) Xerada entre 1933 e 1935. Neste período Francisco Fernández del Riego era Secretario Xeral e Xaime Isla era Secretario de Organización. Consérvanse 71 unidades documentais de diferente tipo: correspondencia, circulares, convocatorias, retallos de prensa, etc. Hai 22 cartas de Xaime Isla a Fernández del Riego nas que trata asuntos como a organización de FMG, a publicación do voceiro Guieiro, a cuestión das accións dos mozos católicos e nacionalistas, a creación dunha sección escolar, proposta para celebrar o día de Galicia na Estrada, a disolución do grupo de Vigo, a detención en Vigo de Antonio Costas e Enrique Varela por espallaren unha folla contra a homenaxe a Emiliano Iglesias en San Simón, etc.



- **DOCUMENTACIÓN SOBRE O PARTIDO GALEGUISTA NA CLANDESTINIDADE**
(Sign.: FR-CA-068/001)

Xerada entre 1945 e 1958. É unha documentación moi ampla á que xa fixemos referencia no número 5 de Novas Penzol, dedicado ao Arquivo FFR. Agora referimos algúns documentos nos que intervéñen Xaime Isla:

- (2/10/1945) Informe de Ramón Piñeiro ao Comité Executivo do PG sobre as xestións ante a ANFD (Asamblea Nacional de Fuerzas Democráticas). No informe Piñeiro apela como interlocutores a FFR e Xaime Isla, entre outros.
- (1946) Borrador dun Informe ao Comité Executivo do PG sobre as últimas tentativas de derrubar o réxime de Franco e resumo da situación política. O informe, sen asinar, atribúese a Xaime Isla pola caligrafía.
- (1946) Boceto de “Galicia: Boletín de Información”. Manuscrito autógrafo atribuído a Xaime Isla e FFR.
- (14/09/1958) Expediente sobre a xuntanza do galeguismo do interior en Compostela para fixar posicións en relación ao Consello de Galiza. Na xuntanza lense diversos informes, Xaime Isla presenta o informe “Galaxia”, expresando os motivos que levaron á súa creación e os seus obxectivos.

- **DOCUMENTACIÓN DA AEIC (No fondo Otero Pedrayo)**

(10/06/1930) Carta de Xaime Isla como Segretario Xeral da Asociación Escolar de Iniciación Cultural a Otero Pedrayo. Nela dalle conta de que a organización está formada por estudantes de bacharelato, descríbelle os seus obxectivos e o acordo de adherirse á homenaxe que D. Ramón recibirá en Ourense.

ASOCIACION
ESCOLAR
DE INICIACION
CULTURAL

Visto lo de Junio de 1930.

Señ. D. Ramón Otero Pedrayo,
Ourense.

Difinito métrico:

O feito de nacer que compón esta sociedade cultural, vor envío un fondo saído de rex e a adhesión máis fervente do home que namén forán á vosa perso.

Meir tomar un este asociacional contituido fha or fha reguntar: 1º Espallar a cultura xénel; 2º valorizar as actividades der sociedade; etc. Para fel execución d'itas fha tomar, no prelo or na en fha, o reguntar: 1º Formación de: 2º unha biblioteca; 3º un incipiente museo escolar; 4º primicia dividida en seções: ciencias exactas, físicas-químicas, naturais e aplicadas; xeografía; historia; ciencias sociais e Dereito; Biología etc.; e a segunda contituido, pol-as exemplares de as facier naturais (minerais, animais, plantas etc.) recollidas pol-as sección, algr aparellos de Física, practicas por elas, así como outras de química e corpes químicos etc.

2º Cehomen certificar/chevatorio/chevatorio por que as seccións fueran traballar na d'itudo, na d'investigación or orser- vación; itas certomen, anular.

3º Edición manuscrita (e folla de outras meior meir asistedor a ita fin) de obras certificar etc. e un boletín quatrino.

4º Edición «galeguista» coa na Biblioteca, Cer-

a cada noite que vai vencer á d'itudo, encargalle itas seccións, unha misión de felletores etc.

Tudo isto dividido por un secretario xénel, av- dade por dous or tres membros, fella eler alexidar pola aso- ciación. Tamén hai unha Caixa Económica, fha recoller or donati- vos variables e venturos, de que a asociación reco or meior da na existencia. Todol-as seccións son estudantes do bachillera- to e excellir entre as máis adelantadas der orser. O nro pri- meiro alfo de guberno excellir fel o alfo de na adhesión de Irmandades galegas ~~or~~ axuntadas na na devotiva Asamblea.

Despois de tudo o devandito na folla, fha fha unha haitad'ita asociación; e despois de conecida, na or fha fha a fha fha a fha. 2º D'itudo 2º Vilas Ponte e todol-as demais mérher do nro Terra e na axuda espiritual, pol-as qu'itad'itas fha fha unha sociedade por local como ita - que ita fha fha a fha pol-as de Licas nro país - fha fha, unha asociación que or- llara a todol-as nro galegas de todol-as Licas, en nro bases na Cultura e na Galeguismo.

De Vde. n. n. g. b. n. n.

XAIME ISLA COVTO
Secretario Xénel de
A. E. I. C.

- DOCUMENTACIÓN REFERENTE Á EDITORIAL GALAXIA
Sign.: CA-612/29.

No Fondo Otero Pedrayo hai 12 cartas de Xaime Isla a don Ramón, Presidente da editorial, datadas entre 1951 e 1960.

Nesta correspondencia aparecen convocatorias do Consello Editorial de Galaxia e información sobre as publicacións e os novos proxectos da editorial, tamén sobre a instalación da Biblioteca Penzol ou o nomeamento dun xerente para a Editorial.

Sign.: CA-0351/003

No Fondo Ramón Piñeiro hai 11 documentos, xerados entre 1951 e 1975, nos que se tratan diversos asuntos referentes á editorial, dende cuestións administrativas e económicas ata os proxectos editoriais e de espallamento da obra de Galaxia.

Sign.: FR-CA-088/001

27 unidades de documentación datadas entre 1950 e 1973.

-Textos e materiais para a elaboración de catálogos e publicidade de Galaxia: listaxes de obras, textos para catálogos, notas e listaxes de obras en distribución, manuscritos para publicacións en prensa, etc.

- DOCUMENTACIÓN DE SEPT (SERVICIO DE EDICIONES, PUBLICACIONES Y TRADUCCIONES)
-Libro de actas coa acta de constitución asinada por Xaime Isla, Celso Collazo e Plácido Castro (Vigo, 01/04/1946).
-Debuxos publicitarios atribuídos a Xaime.

- DOCUMENTACIÓN REFERENTE Á REVISTA DE ECONOMÍA DE GALICIA
Sign.: FR-CA-087/005

Son 24 unidades de arquivo, datadas entre 1959 e 1965.

Trátase maiormente de correspondencia dirixida a Xaime Isla como director da revista. Entre elas hai varias cartas de Xosé Manuel Beiras a Xaime Isla e FFR. X.M. Beiras é subdirector da revista entre 1958 e 1963 e codirector entre 1963 e 1968.

- DOCUMENTACIÓN REFERENTE AO “SUPLEMENTO DEL SÁBADO” DE LA NOCHE
Sign.: FR-CA-075/004

Documentos datados en 1949.

-Notas para a elaboración dun “Boletín económico de Galicia” e unha páxina de “Artes y Letras de Galicia”, que están na orixe do Suplemento.
-Texto mecanografado sobre un Boletín quincenal de economía a cargo de Xaime Isla e FFR e unha páxina literaria por Salvador de Lorenzana.
-Texto autógrafa atribuído a Xaime Isla no que se presenta o “Suplemento del sábado”.

- DOCUMENTACIÓN DE BADAL.
LITURXIA E VIDADA COMUNIDADE
-Carta de presentación asinada entre outros por Xaime Isla. (Vigo, abril de 1987).

